



Resolución da Axencia Galega de Innovación do 6 de febreiro de 2023 pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado de avaliación final do rendemento do persoal investigador contratado por entidades alleas ao Sistema Universitario de Galicia ao abeiro das axudas para completar a a etapa de formación posdoutoral 2021.

1. A Orde do 31 de decembro de 2020 (DOG núm. 13, do 21 de xaneiro de 2021), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, estableceu as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego. A dita convocatoria dispón no seu artigo 21.2 un proceso de avaliación da actividade investigadora desenvolvida.

2. Co fin de harmonizar o exercicio das competencias que en materia de I+D+i teñen atribuídas a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Industria e Innovación, e na procura de sinerxías, considérase de interese a realización de convocatorias conxuntas que axuden a consolidar un sistema de I+D+i suficientemente sólido como para garantir o desenvolvemento social e a competitividade económica.

3. De acordo co Decreto 79/2023, do 22 de xuño (DOG núm. 119, do 23.06.2023), polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e co Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 19, do 27.01.2012), polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, correspóndelle á Axencia Galega de Innovación definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

4. A instrución 2/2023, do 3 de novembro de 2023, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, iniciou este procedemento de avaliación da actividade investigadora desenvolvida. A dita avaliación foi realizada por persoas expertas externas alleas ao Sistema Galego de Innovación, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).





Unha vez finalizado este proceso, e de acordo co informe das persoas expertas correspondentes, a Axencia Galega de Innovación,

RESOLVE:

1. Comunicar o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador e emitir a certificación para as seguintes persoas investigadoras que obtiveron unha avaliación positiva:

Persoas investigadoras contratadas por entidades alleas ao SUG ao abeiro das Axudas para completar a etapa de formación posdoutoral para o ano 2021				
Núm. expediente	Entidade	Apelidos e nome	NIF	Resultado avaliación
IN606C-2021/005	Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT) do CSIC	Currás Domínguez, Andrés	***2874**	Positiva
IN606C-2022/006	Fundación Profesor Novoa Santos	Carpintero Fernández, Paula	***3977**	Positiva

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Innovación no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen conveniente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

